

RIBADEO INDIANO

Alén do tempo

CERTAME BENÉFICO DE PINTURA AO AIRE LIBRE

RIBADEO INDIANO

A organización do Ribadeo Indiano, patrocinado por Vegalsa (HiperEroski Ribadeo) e Be One, convoca o **CERTAME BENÉFICO DE PINTURA AO AIRE LIBRE RIBADEO INDIANO**. Este evento esta concibido como un acto benéfico, no que os ingresos serán destinados ao Hospital Hijas de Galicia. Esta institución, ubicada en A Habana Cuba, naceu en 1917 para defender, apoiar e asistir ás mulleres galegas que estaban en situación de marxinación e desamparo, chegando a contar con 58.000 asociadas no 1924. O pasado 20 de xaneiro este hospital veuse afectado por un tornado durante o cal as súas instalacións sufriron danos moi importantes. Así, os participantes deberán doar a súas obras, co fin de ser subastadas ou postas á venda, para destinar os fondos obtidos a esta institución.

O certame de pintura terá lugar o **sábado 13 de xullo**, nos diversos espazos onde teñen lugar as actividades deste evento, no casco urbano de Ribadeo, se as condicións metereolóxicas o permiten, e rexerase polas seguintes bases:

- 1- Poderán participar pintores/as, tanto profesionais como afeccionados cunha única obra, logo da inscrición no certame, e a técnica a utilizar será totalmente libre (agás a colaxe).
 - 2- Estableceranse dúas categorías:
 - **Adulto a partir de 16 anos inclusive.**
 - **Infantil a partir de 7 anos inclusive.**
 - 3- **A inscrición será gratuíta e estará aberta até o día 13 de xullo ás 10.30h.** Os interesados/as poderán inscribirse no correo ribadeoindiano19@gmail.com, indicando nome, apelidos, teléfono de contacto e lugar de procedencia. Para calquera dúbida ou aclaración poderán chamar ao 982 128 689 ou 982 128 650 (Área de Desenvolvemento Local)
- O 13 de xullo, de 10:30h. a 11:30h. na Sala de Exposición do Parque de San Francisco, selaranse e numeraranse os soportes, que serán achegados polo autor ou autora. Deberá presentarse en branco ou sobre unha base de cor uniforme, completamente limpo e sen ningún preparado, deberá ser ríxido (se é papel ou tea, deberá ir co seu correspondente bastidor, taboleiro ou cartonaxe para a súa correcta suxeición). As súas dimensións non serán inferiores a 40x40 centímetros nin superiores a 92x73centímetros.**
- 4- O/a pintor/a realizará a súa obra no mesmo sitio que representa e o tema a tratar versará sobre a temática indiana e/ou o ambiente que rodea este evento.
 - 5- -O tempo de realización da obra será de 10:30h a 18:00h. As obras recolleranse na Sala de Exposicións do Parque de San Francisco, de 16.30h a 18:30h onde quedarán expostas para a deliberación do xurado e goce do público.

- 6- As obras non deberán ir asinadas, o/a autor/a entregará a obra realizada xunto cun sobre pechado onde figurarán o seus datos persoais: nome, enderezo, teléfono e correo electrónico. Posteriormente, o/a autor/a comprométese a asinala. Todas as obras participantes quedarán a disposición do Concello, que se reserva os dereitos de reprodución.
- 7- A deliberación do xurado, terá lugar o 13 de xullo unha vez entregadas as obras. O xurado puntuará sobre os números que figuran nos lenzos outorgando os premios aos mesmos. A entrega de premios levarase a cabo o mesmo día do evento ás 22.30h no Quiosco da Música antes da verbena.
- 8- As obras serán subastadas nun acto público que terá lugar o domingo 14 de xullo, no Quiosco da Música do parque de San Francisco ás 13.00h. O prezo de saída á subasta será o valor do premio que reciba cada obra. As obras non premiadas serán subastadas cun prezo de saída igual ao importe do terceiro (100€). No caso de non ser vendidas as obras serán postas á venda co mesmo prezo de saída da subasta. Os ingresos recibidos tanto pola venda como pola subasta doaranse ao Hospital Hijas de Galicia, ubicado na República Cubana.
- 9- Levarase a cabo unha exposición conxunta co obxecto de vender as obras non subastadas que terá lugar na oficina de turismo do Concello de Ribadeo do 20 ao 30 de xullo.
- 10- O xurado estará composto por membros do mundo das artes, así como por unha persoa representante do Concello de Ribadeo e outra de ACISA.
- 11- A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases, e a decisión do xurado é inapelábel.
- 12- A organización reserva para si o dereito a tomar decisións non reflectidas nas presentes bases, así como solucionar calquera tipo de conflito na interpretación ou ampliación das mesmas.

PREMIOS

Categoría adulta

- 1º: 400 euros e diplomán patrocinado por Vegalsa (Hipereroski Ribadeo)
- 2º: 200 euros e diploma patrocinado por Be One
- 3º: 100 euros e diploma patrocinado por Be One

Categoría infantil

- 1º: pack de libros e diploma
- 2º: pack de libros e diploma
- 3º: pack de libros e diploma

**Será condición indispensable para aquelas persoas con idades comprendidas entre 16 e 17 anos, participantes na categoría de adultos, acudir á entrega de premios acompañados dun titor/a no caso de que as súas obras resultaran premiadas. Así mesmo, estes últimos deberán prestar o seu consentimento para a subasta ou venda de dita obra.*